

Pronunciamentos do Comité de Ética

O Comité de Ética, logo de valorar/deliberar sobre a necesidade de conxugar o deber de transparencia dos seus acordos e o deber de confidencialidade e protección dos denunciante, adoptou na súa sesión do 12 de decembro de 2018, en relación coa publicidade dos seus pronunciamentos, o seguinte acordo: *Publicar no sitio Web Integridade e bo goberno do Consello un extracto dos pronunciamentos do Comité que inclúa a referencia ao número de expediente, unha breve e sucinta descrición da conduta investigada, da doutrina aplicada e do acordo adoptado, e as medidas propostas para eliminar as eventuais condutas contrarias aos principios ou regras éticas e de bo goberno.*

No seguinte apartado recóllense os pronunciamentos do Comité de Ética co formato establecido no devandito Acordo.

Expediente	Conduta investigada	Doutrina aplicada	Acordo adoptado	Medida proposta
1/2018	<i>Sinatura polo Consello de Contas dun determinado contrato que supostamente contravén distintos preceptos legais e cuestiona o principio de racionalidade do gasto público e o principio de exemplaridade recollido no Código ético da Institución.</i>	<i>O debate sobre cuestións xurídicas que teñen outros mecanismos de solución debe deixarse á marxe no momento de ponderar a corrección ética da conduta que se está a analizar.</i>	<i>Arquivo das actuacións, por non ser a conduta denunciada contraria aos valores e principios recollidos no Código ético institucional do Consello de Contas.</i>	<i>Non procede.</i>